



| Guía Docente          |  |                    |  |          |
|-----------------------|--|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |  | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Practicum II   | Código             | 652G01035  |          |
| Titulación            | Grao en Educación Infantil   |                    |  |          |
| Descritores           |  |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre  | Cuarto             | Obrigatoria  | 36       |
| Idioma                | CastelánGalego   |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |  |          |
| Prerrequisitos        | Para matricularse no Practicum II é necesario ter superados 120 créditos e mais o Practicum I  |                    |  |          |
| Departamento          | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogoxía e DidácticaPsicoloxía  |                    |  |          |
| Coordinación          | Duran Bouza, Montserrat  | Correo electrónico | montserrat.duran.bouza@udc.es  |          |
| Profesorado           | Bobadilla Pérez, María<br>Bugallo Rodríguez, Ánxela<br>Castro Rodríguez, Mª Montserrat<br>Chao Fernández, Aurelio<br>Chao Fernandez, Rocio<br>Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán<br>Duran Bouza, Montserrat<br>Espíñeira Bellon, Eva Maria<br>Fernández Fernández, María Pilar<br>Fuentes Silveira, María Jesús<br>Gabriel Fernandez, Narciso de<br>Lasa Álvarez, María Begoña<br>Lorenzo Castiñeiras, Juan J.<br>Mato Vázquez, Mª Dorinda<br>Mesías Lema, José María<br>Rebollo Quintela, Nuria<br>Rivas Barros, Isabel<br>Rodríguez Machado, Eduardo Rafael<br>Torre Fernandez, Enrique de la<br>Varela Garrote, Lara | Correo electrónico | m.bobadilla@udc.es<br>anxela.bugallo@udc.es<br>maria.castror@udc.es<br>aurelio.chao@udc.es<br>rocio.chao@udc.es<br>uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es<br>montserrat.duran.bouza@udc.es<br>eva.espineira@udc.es<br>pilar.fernandez1@udc.es<br>m.j.fuentes@udc.es<br>narciso.de.gabriel@udc.es<br>b.lasa@udc.es<br>j.lorenzo.castineiras@udc.es<br>m.matov@udc.es<br>jose.mesias@udc.es<br>nuria.rebollo@udc.es<br>isabel.rivas@udc.es<br>e.rodriguez.machado@udc.es<br>enrique.torref@udc.es<br>lara.varela@udc.es |          |
| Web                   | www.educacion.udc.es/index.php?pagina=practicum  |                    |  |          |



|                         |  |
|-------------------------|--|
| <b>Descrición xeral</b> | <p>CORREO-E: <a href="mailto:practicum.educacion@udc.es">practicum.educacion@udc.es</a></p> <p><b>CRÉDITOS E PRESENCIALIDADE</b></p> <p>Dos 36 créditos da materia (900 horas), o 48,8% son de carácter presencial (440 horas) e o 51,1% de carácter non-presencial ou de traballo autónomo (460 horas).</p> <p>Das 440 horas de carácter presencial, 420 horas desenvolveranse nas institucións colaboradoras (30 horas semanais), e as 20 horas restantes dedicaranse a sesións informativas e formativas, así coma a titorías na Facultade.</p> <p>O Practicum II constitúe a única materia a cursar no primeiro cuadrimestre do cuarto curso.</p> <p><b>CONTEXTUALIZACIÓN</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación duns novos plans de estudo acordes cos requirimentos do Espazo Europeo de Educación Superior, posto en marcha no ano 1999 coa Declaración de Bolonia. Esta declaración salientaba a importancia de reforzar o trinomio investigación-innovación-educación, para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito:</p> <p>?Os títulos de grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional? (art. 9.1), de tal maneira que considera a posibilidade de establecer prácticas externas que virían ?reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecer a formación? [e] proporcionar un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará? (preámbulo do RD 1393/2007, de 29 de outubro, de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia denominada Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, para facilitar que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais. Tamén se lle asignará un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes necesarias á hora da investigación, co obxecto de situar a práctica profesional no centro da formación e como elemento para ter en conta na organización do currículo. Trátase de que a reflexión sobre a práctica converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía e potencie a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> |
|-------------------------|--|



|                             |   |
|-----------------------------|---|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p>1. Modificacións nos contidos<br/>Sin modificacións</p> <p>2. Metodoloxías<br/>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Sin modificacións</p> <p>Se non se puideran completar as horas de estadía no centro, estudarase a situación e seguiranse as indicacións que aparecen no punto terceiro proposto na RESOLUCIÓN REITORAL DO 23 DE MARZO DE 2020 MEDIANTE A QUE SE ADAPTA O PROCEDEMENTO ESTABLECIDO PARA AS PRÁCTICAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DO CURSO ACADÉMICO 2019/2020 DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, ÁS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PREVISTAS PARA ACOMODAR AS ACTIVIDADES ACADÉMICAS Á SUSPENSIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE DOCENTE PRESENCIAL, así como as RECOMENDACIÓNS DA CONFERENCIA DE DECANOS/AS DE EDUCACIÓN RESPECTO AS PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO. A proposta de alternativas farase desde o Vicedecanato de Practicum, contando co acordo do profesorado titor de centro e da facultade así como do alumnado. A proposta presentárase fronte á Comisión de Título para o visto e prace da mesma.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Sin modificacións</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br/>Farase a través do correo electrónico, Moodle e Teams</p> <p>4. Modificacións na avaliación<br/>Sin modificacións</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br/>Sin modificacións</p> |
|-----------------------------|---|

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A5                                  | Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.  |
| A6                                  | Coñecer a dimensión pedagóxica da interacción cos iguais e os adultos e saber promover a participación en actividades colectivas, o traballo cooperativo e o esforzo individual.  |
| A12                                 | Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.  |
| A19                                 | Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.  |
| A20                                 | Valorar a importancia da estabilidade e a regularidade no contorno escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso harmónico e integral dos estudantes.  |
| A21                                 | Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6. |
| A23                                 | Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.   |
| A29                                 | Valorar a importancia do traballo en equipo.  |
| A30                                 | Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.   |
| A31                                 | Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.  |
| A32                                 | Valorar a relación persoal con cada estudante e a súa familia como factor de calidade da educación.   |
| A59                                 | Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.   |



|     |  |
|-----|--|
| A60 | Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.   |
| A61 | Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.   |
| A62 | Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.  |
| A63 | Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.  |
| A64 | Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se podan establecer nun centro.   |
| A65 | Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.   |
| A66 | Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.  |
| B1  | Aprender a aprender.   |
| B2  | Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.  |
| B3  | Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.   |
| B4  | Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.   |
| B5  | Traballar de forma colaborativa.   |
| B7  | Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.  |
| B8  | Capacidade de adaptación a situacións novidosas.   |
| B9  | Autonomía na aprendizaxe.  |
| B12 | Capacidade de organización e planificación.  |
| B14 | Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.  |
| B15 | Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.   |
| B16 | Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.   |
| B17 | Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.   |
| B18 | Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.   |
| B23 | Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.   |
| B24 | Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.   |
| C1  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe  |                                     |                                    |          |
|--|-------------------------------------|------------------------------------|----------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título |                                    |          |
| Coñecer a organización dos centros en que se imparte educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento   | A19<br>A20<br>A31<br>A66            |                                    |          |
| Participar na actividade docente e aprender a saber facer, reflexionando desde e sobre a practica, e asumindo a necesidade de ir perfeccionándose e adaptándose aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais | A23<br>A63<br>A65                   | B1<br>B3<br>B8<br>B9<br>B15<br>B17 | C4       |
| Participar nas propostas de mellora e innovación nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro  | A23<br>A64                          |                                    | C4<br>C7 |



|   |                                |                                   |                |
|---|--------------------------------|-----------------------------------|----------------|
| Promover e facilitar a aprendizaxe na primeira infancia, desde unha perspectiva global e integradora das súas diferentes dimensións (cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva)  | A5<br>A19<br>A21<br>A60<br>A61 | B2<br>B4<br>B5<br>B7<br>B8<br>B12 | C4<br>C7       |
| Deseñar e planificar proxectos de aprendizaxe que atendan ás singularidades educativas das crianzas, a igualdade de xénero, a equidade e o respecto dos dereitos humanos e do medio | A21<br>A30                     | B12<br>B24                        | C4             |
| Adquirir coñecemento práctico da aula e da xestión de recursos, espazos, tempos e agrupamentos  | A59                            |                                   |                |
| Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula demostrando as destrezas necesarias para favorecer un clima de aprendizaxe e convivencia                        | A6<br>A60<br>A65               | B23                               | C1<br>C3<br>C4 |
| Desenvolver destrezas e estratexias de seguimento e xestión do proceso de ensino e aprendizaxe en contextos de diversidade  | A61                            | B24                               |                |
| Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa, e desenvolver habilidades de traballo colaborativo e autónomo  | A12<br>A29<br>A32<br>A66       | B5<br>B16<br>B18                  |                |
| Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro, aplicando un pensamento crítico, lóxico e creativo  | A62                            | B3<br>B14                         | C7<br>C8       |

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| Incidencia da organización das institucións educativas no funcionamento das aulas de educación infantil  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repercusións na vida das aulas da estrutura e organización do centro.</li> <li>- Aspectos do funcionamento do centro a ter en conta á hora da programación docente.</li> <li>- Cultura de centro vs. cultura de aula.</li> </ul>  |
| A concreción do currículo da educación infantil de acordo coas características dos contextos e das culturas dos destinatarios                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Grao de coherencia e contextualización dos diferentes documentos do centro: Decreto de currículo, programación de ciclo e programación de aula.</li> <li>- O currículo como proxecto formativo, integrado e emancipador: as unidades didácticas, os centros de interese, os proxectos de aprendizaxe, etc.</li> </ul>   |
| A planificación didáctica e o deseño de unidades e proxectos de aprendizaxe comprensivos, globalizados e favorecedores do desenvolvemento integral das persoas | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O deseño disciplinar e interdisciplinar na educación infantil.</li> <li>- O deseño de proxectos de aprendizaxe contextualizados nos intereses do alumnado e que promovan a sostibilidade.</li> <li>- A planificación de tarefas simples e complexas atendendo á diversidade presente na aula.</li> </ul>  |
| O desenvolvemento curricular na aula de educación infantil como marco de referencia para a aprendizaxe ao longo da vida  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Principios de procedemento didácticos para a organización da vida na aula</li> <li>- Culturas escolares e procesos de comunicación emerxentes nas aulas</li> <li>- Usos críticos dos recursos e materiais curriculares na educación infantil</li> <li>- A titoría (individual/grupal) como elemento dinamizador e de conexión entre os centros e as familias</li> <li>- A avaliación de aprendizaxes como avaliación educativa e auténtica</li> </ul> |
| A reflexión sobre a práctica realizada (observación e intervención) como ferramenta para a innovación e a mellora  | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O interese pola avaliación do currículo deseñado e desenvolvido</li> <li>- Deseño de técnicas e estratexias de recollida de información para a reflexión sobre a práctica tomando como referencia os discursos dos mestres e dos alumnos</li> <li>- A elaboración de informes científicos portadores de liñas de mellora contextualizadas</li> </ul>  |

## Planificación



| Metodoloxías / probas                 | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|---------------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Portafolios do alumno                 | A31 A62 A64 A66 B1<br>B3 B4 B9 B14 B17 C4<br>C7 C8  | 0                                       | 400                     | 400          |
| Análise de fontes documentais         | A30 A31 A62 A64<br>A66  | 0                                       | 60                      | 60           |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A20 A29 A60 A62<br>A66 B3 B15 B16 B18   | 4                                       | 4                       | 8            |
| Seminario                             | A20 A29 A60 A62 B1<br>B3 B5 B9 B17 B18 C4<br>C7   | 10                                      | 0                       | 10           |
| Saídas de campo                       | A5 A6 A12 A19 A20<br>A21 A23 A29 A30<br>A32 A59 A60 A61<br>A63 A65 B2 B5 B7 B8<br>B12 B15 B16 B18<br>B23 B24 C1 C3 C4<br>C7 | 420                                     | 0                       | 420          |
| Atención personalizada                |   | 2                                       | 0                       | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                          |  |
|---------------------------------------|--|
| Metodoloxías                          | Descrición   |
| Portafolios do alumno                 | É un cartafol ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado no Practicum ou o seu rexistro.<br>O portafolios inclúe todo o que fai cada alumno/a, como apuntamentos ou notas, traballos, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumos, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios do seu progreso realizados polos titores etc.  |
| Análise de fontes documentais         | Empregaranse documentos bibliográficos relevantes sobre os diferentes contidos a que o Practicum II dá prioridade, como base para a análise e a reflexión sobre a diversidade de experiencias con que se entre en contacto nas institución educativas. É imprescindible entender a relación teoría-práctica e atender aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das distintas formas de interpretar a realidade educativa. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | O alumnado asistirá a un evento científico e/ou divulgativo de profesionais e expertos no ámbito da Educación Infantil, que presentarán experiencias innovadoras desenvoltas nesta etapa educativa. A realización destes eventos dependerá da existencia do orzamento necesario.   |



|                 |  |
|-----------------|--|
| Seminario       | <p>1. Sesión informativa inicial (2 horas). Información xeral para comentar e precisar a Guía docente, así como as pautas de carácter xeral, e orientar o alumnado acerca da súa decisión á hora de elixir institución colaboradora. Tamén se explicarán as funcións das diferentes persoas que van a titorizar o Practicum.</p> <p>2. Selección de centro (2 horas).</p> <p>3. Tres seminarios de titoría durante o Prácticum co profesorado titor (6 horas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Antes de incorporarse ao centro de prácticas o profesorado de Practicum, na data que se establecer, orientará o alumnado que titoriza cando menos sobre as seguintes cuestións: documentos que debe incluír no portafolios, lecturas imprescindibles e datas de entrega dos traballos solicitados, cronograma dos seminarios e calquera outra suxestión que estimar oportuna.</li> <li>- Durante a realización do Practicum terá lugar a posta en común do traballo feito ata o momento polo alumnado asignado a un/ha mesmo/a titor/a co fin de revisar a planificación proposta, formular e resolver as posibles necesidades e/ou conflitos percibidos. Trátase de seleccionar e analizar conxuntamente situacións ou procesos representativos do decorrer da práctica profesional. Tamén se comentarán os textos ou documentos seleccionados para este fin.</li> <li>- Ao finalizar a estada no centro, de seguimento para responder as dúbidas do alumnado que se titoriza no tocante aos documentos solicitados.</li> </ul> |
| Saídas de campo | <p>Constitúen as prácticas pedagóxicas: 420 horas de permanencia na institución educativa durante as cales se realizarán tarefas de observación, análise de casos, colaboración en accións educativas cos profesionais da propia institución etc. Así mesmo realizarase o deseño dun proxecto de aprendizaxe que se desenvolverá e avaliará na súa totalidade, ou en parte, segundo o determine o titor/a da institución. Se o alumno/a cursa a modalidade combinada (0-3 e 3-6 anos) os titores/as de ambas institucións colaboradoras, realizarán a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula ata a metade da porcentaxe sinalada.</p>  |

### Atención personalizada

| Metodoloxías   | Descrición   |
|--|--|
| Saídas de campo<br>Portafolios do alumno<br>Análise de fontes documentais<br>Seminario | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O titor/a do centro supervisará e orientará o traballo de observación e recollida de información do alumnado durante a súa permanencia no centro.</li> <li>- O/a Titor/a da Facultade realizará un primeiro contacto obrigatorio, previo á incorporación do alumnado ao centro. Este contacto servirá para constatar a recepción da documentación, comunicar a incorporación do alumnado e ultimar os trámites e acordos que foren necesarios.</li> <li>- O/a Titor/a da Facultade realizará os contactos que estime oportunos e necesarios co titor/a do centro durante o período do Practicum para o mellor desenvolvemento do mesmo.</li> <li>- Un dos contactos co centro terá obrigatoriamente forma de visita.</li> <li>- Alén dos seminarios de seguimento do Practicum, o profesorado titor da Facultade estará dispoñible no horario de titorías.</li> </ul> |

### Avaliación

| Metodoloxías    | Competencias / Resultados   | Descrición  | Cualificación |
|-----------------|---|---|---------------|
| Saídas de campo | A5 A6 A12 A19 A20<br>A21 A23 A29 A30<br>A32 A59 A60 A61<br>A63 A65 B2 B5 B7 B8<br>B12 B15 B16 B18<br>B23 B24 C1 C3 C4<br>C7 | O/a titor/a da institución colaboradora realizará a avaliación da implicación e actuación do alumnado no centro/aula. | 40            |



|                                       |  |  |    |
|---------------------------------------|--|--|----|
| Portafolios do alumno                 | A31 A62 A64 A66 B1<br>B3 B4 B9 B14 B17 C4<br>C7 C8 | O/a titor/a da Facultade realizará a avaliación do contido do portafolios cos seguintes criterios:<br>-Capacidade de relación teoría-práctica<br>- Dominio conceptual e capacidade analítica<br>- Capacidade para relacionar ideas e accións<br>- Capacidade de argumentar e fundamentar<br>- Expresión escrita propia e claridade expositiva<br>- Capacidade de descrición de escenarios, situacións e accións<br>- Capacidade de autoavaliación e autocrítica<br>Orixinalidade da proposta | 40 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A20 A29 A60 A62<br>A66 B3 B15 B16 B18              | O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado ao evento científico e/ou divulgativo cos seguintes criterios:<br>- Asistencia a todas as sesións.<br>-Calidade das achegas á hora de expoñer o contido das diferentes sesións así como a pertinencia e madurez das reflexión persoais ao respecto.  | 10 |
| Seminario                             | A20 A29 A60 A62 B1<br>B3 B5 B9 B17 B18 C4<br>C7    | O/a titor/a da Facultade avaliará a participación do alumnado nos seminarios cos seguintes criterios:<br>- Asistencia a todas as sesións presenciais<br>- Calidade das achegas á hora de expresar dúbidas razoables, expoñer ideas enriquecedoras e compartir experiencias de interese etc.  | 10 |

### Observacións avaliación

a) Requisitos para superar a materia:

1. Para aprobar a materia será necesario superar os seguintes elementos da avaliación: practicas pedagóxicas e portafolios.

b) Elementos da avaliación que se poden recuperar na segunda oportunidade de avaliación (xullo):

1. As practicas pedagóxicas non poden recuperarse, polo que a cualificación obtida nas mesmas na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo. Isto supón que un suspenso nas mesmas na oportunidade de xuño implica a non superación da materia.

2. Os seminarios e as xornadas non se poden recuperar, polo que a cualificación obtida nos mesmos na oportunidade de xuño, mantense para a oportunidade de xullo.

3. O portafolios pode recuperarse, polo que o alumnado que non supere o portafolios na oportunidade de xuño terá a ocasión de melloralo para a oportunidade de xullo, conservando sempre as cualificacións dos demais elementos da avaliación.

c) Cualificacións:

1. A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos da avaliación segundo o seu peso respectivo.

2. No caso de non superar algunha das partes de obrigatoria superación da materia, a nota final será a nota da parte non superada.

3. Non realizar as practicas pedagóxicas estando matriculado na materia supón un Non Presentado.

4. No

caso de non presentar o portafolio tendo as prácticas pedagóxicas superadas supón obter como máximo a cualificación de suspenso 4.

5. No

caso de que os eventos científicos e/o divulgativos non se realizaran o dez por cento da cualificación asignada a este apartado se sumará ao portafolio.

6. A asistencia e a calidade das achegas a eventos científicos avalíanse conxuntamente, non podendo estar desvinculados un do outro. Para unha avaliación positiva neste apartado o alumno/a terá que asistir e facer as achegas.

### Fontes de información





|   |  |
|---|--|
| <p><b>Bibliografía básica</b></p>         | <p>Desarrollo de escuelas inclusivas . Madrid: Narcea. Antúñez, S., Del Carmen, L. M., Imbernón, F., Parcerisa, A., &amp; Zabala, A. (2005). Del proyecto educativo a la programación de aula. Barcelona: Graó. Apple, M. W. (1996). Política cultural y educación. Madrid: Morata. Apple, M. W., &amp; Beane, J. A., (Comps),. (1997). Escuelas democráticas. Madrid: Morata. Bernstein, B. (1989). Clase y pedagogías visibles e invisibles. In J. Gimeno Sacristán &amp; Á. Pérez Gómez (Eds.), La enseñanza: su teoría y su práctica (pp. 54-72). Madrid: Akal Universitaria. Bolívar, A. (2000). Los centros educativos como organizaciones que aprenden. Promesas y realidades. Madrid: La Muralla. Bruner, J. (1987). La importancia de la educación. Barcelona: Paidós. Coll, C., Martín, E., Mauri, T., Miras, M., Onrubia, J., Solé, I., et al. (1993). El constructivismo en el aula. Barcelona: Graó. Edwards, D., &amp; Mercer, N. (1988). El conocimiento compartido: el desarrollo de la comprensión en el aula. Barcelona: Paidós. Fernández Enguita, M. (1999). La profesión docente y la comunidad escolar: crónica de un desencuentro. Madrid: Morata. Fernández Enguita, M. (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata. Fernández Pérez, M. (1994). Las tareas de la profesión de enseñar. Madrid: SXXI. Freire, P. (1985a). La naturaleza política de la educación. Barcelona: Paidós. Freire, P. (1985b). Pedagogía del oprimido. Madrid: Siglo XXI. Gimeno Sacristán, J. (1997). El currículum: una reflexión sobre la práctica. Madrid: Morata. Gimeno Sacristán, J., &amp; Pérez Gómez, Á. I., (Comps),. (1997). Comprender y transformar la enseñanza. Madrid: Morata. Hargreaves, A. (1996). Profesorado, cultura y postmodernidad (cambian los tiempos, cambia el profesorado). Madrid: Morata. Hargreaves, A. (2003). Enseñar en la sociedad del conocimiento. Barcelona: Octaedro. Hernández, S., &amp; Ventura, M. (1992). La organización del currículo por proyectos de trabajo. Barcelona: Graó. Jackson, P. W. (1996). La vida en las aulas. Madrid: Morata. Kemmis, S., &amp; Mctaggart, R. (1996). Cómo planificar la investigación-acción. Barcelona: Laertes. Parra Ortiz, J. M. (2010). Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Madrid: Gadeta Editorial. Perrenoud, P. (1996). La construcción del éxito y el fracaso escolar. Madrid: Morata. Rodicio García, M. L., &amp; Iglesias-Cortizas, M. J. (2011). El acoso escolar. Diagnóstico y prevención. Madrid: Biblioteca Nueva. Sánchez Blanco, C. (1994a). El desarrollo de actitudes en Educación Infantil. Zaragoza: Edelvives. Sánchez Blanco, C. (1994b). La cooperación en Educación Infantil. A Coruña: Universidade da Coruña. Sánchez Blanco, C. (2000). Dilemas de la educación infantil. Vol. 1. Sevilla: MCEP. Sánchez Blanco, C. (2001). De la educación infantil y su crítica: Reforma, investigación e innovación y formación del profesorado. Vol. 2. Sevilla: MCEP. Sánchez Blanco, C. (2006). Violencia física y construcción de identidades: propuestas de reflexión crítica para las escuelas infantiles. Barcelona: Graó. Sánchez Blanco, C. (2009). Peleas y daños físicos en la educación infantil. Bos Aires: Miño y Dávila. Santos Guerra, M. Á. (1990). Hacer visible lo cotidiano: teoría y práctica de la evaluación cualitativa de los centros escolares. Madrid: Akal. Schön, D. A. (1992). La formación de profesionales reflexivos: hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones. Barcelona: Paidós. Stainback, S., &amp; Stainback, W. (2001). Aulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo. Madrid: Narcea. Steinberg, S. R., &amp; Kincheloe, J. L., (Comps),. (2000). Cultura infantil y multinacionales. Madrid: Morata. Stenhouse, L. (2003). Investigación y desarrollo del currículo. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2001). Educación en tiempos de neoliberalismo. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2005). El currículo oculto. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2006a). Globalización e interdisciplinariedad: el currículo integrado. Madrid: Morata. Torres Santomé, J. (2006b). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata. Trillo, F., &amp; Sanjurjo, L. (2008). Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica. Rosario: Homo Sapiens.</p> |
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> | <p>Cantón, I., (Coord.),. (2009). Narraciones de la escuela. Barcelona: Editorial Davinci. Cantón, I., (Coord.),. (2010). Narraciones de maestros. Barcelona: Editorial Davinci. Díez Navarro, C. (2003). El piso de abajo de la escuela. Barcelona: Graó. McCourt, F. (2005). El profesor. Madrid: Maeva. Pennac, D. (2008). Mal de escuela. Barcelona: Mondadori. Tonucci, F. (1988). Niño se nace. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1989). Cómo ser niño. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1993). La soledad de los niños. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (1994). Con ojos de niño. Barcelona: Barcanova. Tonucci, F. (2003). Cuando los niños dicen ¡Basta! Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.</p>  |

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



|   |
|---|
|   |
| <b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>   |
|   |
| <b>Materias que continúan o temario</b>   |
|   |
| <b>Observacións</b>   |
| Recoméndanse os envíos dos traballos telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. |

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías